

RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO **ESCOLAR DO CENTRO**

Conforme á ***Resolución do 10 de setembro de 2024*** da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, no mes de novembro procederase á renovación parcial do **Consello escolar do centro**.

Os representantes que haberá que renovar son:

* Dous representantes dos profesores para substituír a Nela Loureiro Viéitez e Iván García Luaces, que permanecerán no Consello ata 2028. Un terceiro representante do profesorado para cubrir a vacante deixada por Noelia López Dacosta, que a cubrirá ata 2026.

* Un representante dos pais e outro proposto pola ANPA.

* Dous representantes do alumnado.

Nas votacións dos pais/nais de alumnos para a elección dos seus representantes no Consello Escolar, poden votar o pai e a nai ou os representantes legais dos alumnos; é dicir, dous votos por familia. No suposto de que a patria potestade estea conferida a un só dos proxenitores, só este será elector.


Aos membros integrantes da Xunta Electoral, mesas electorais e aos electores que precisen dun permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o **art. 117 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**: "*O persoal funcionario ten dereito aos*

permisos necesarios para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal e de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral".

Datas de renovación do Consello Escolar.

Resolución do 10 de setembro de 2024	
CALENDARIO ELECTORAL	
Constitución da Xunta Electoral	25 de outubro
1. Aprobar e publicar censos.	
2. Establecer calendario electoral.	
3. Solicitar un representante á ANPA.	
Presentación candidaturas e reclamacións censos	29 de outubro-8 novembro.
Claustro informativo	5 novembro
Xunta electoral	11 de novembro
1. Proclamación candidaturas	
2. Papeletas.	
3. Sorteio mesa electoral	
Campaña electoral	12-18 novembro
Votacións e escrutinio.	19 de novembro
Atender reclamacións ás resolucións das mesas.	20-22 de novembro
Xunta electoral	25 de novembro
1. Proclamar candidatos electos.	
2. Anexo I	
3. Convocatoria constitución	
Constitución Consello e envío de actas (AnexoII)	2 decembro

Quedando á vosa disposición, recibe un cordial saúdo.



Asdo.: M^a Esther Rodríguez Camino

Presidenta do Consello Escolar